

*Resolución do 13 de decembro de 2010 pola que se convoca unha bolsa de formación en competencias técnicas vinculadas a sistemas de xestión da teleformación.*

A teleformación estase a configurar e afianzar como unha ferramenta de estratexia, sobre todo, nas organizacións públicas como a Xunta de Galicia nas que xorde a necesidade de seguir formándose pero compaxinando esta formación co seu traballo, presentándose, deste modo, complicacións para poder recibir unha formación debido aos horarios de traballo, á dispersión das institucións, en definitiva, lonxe da posibilidade dunha formación tradicional, da posibilidade de asistencia a unha clase e cun horario estable.

Pero implantar a teleformación equivale a xerar escenarios específicos e redes na virtualidade cuxas funcións sexan basicamente educativas, graduando os contidos educativos multimedia cos seus respectivos materiais e adecuándoos aos diferentes perfís dos empregados públicos. As redes virtuais son as novas unidades básicas que inclúen o deseño e a construción de novos escenarios formativos, a elaboración de recursos formativos en liña, e a formación de tutores e dinamizadores especializados na formación continua aproveitando as ferramentas que proporciona a Sociedade da Información.

Para estas tarefas a EGAP conta con persoal técnico cualificado nos seus servizos aos que se poden adscribir bolseiros que, colaborando coas tarefas descritas, teñen a posibilidade de ampliar a súa formación neste eido complementado a asistencia a cursos de especialización. Desta forma a EGAP contribúe á formación de profesionais especialistas en teleformación.

Con este obxectivo resolvo convocar unha bolsa de formación en competencias técnicas vinculadas a sistemas de xestión da teleformación, segundo as seguintes bases:

*Primeira.-Obxecto.*

Por medio desta resolución establécense as bases reguladoras e procédese á convocatoria dunha bolsa destinada a formar especialistas en aspectos técnicos relativos ao ámbito da teleformación, tales como sistemas informáticos e telemáticos, desenvolvementos, bases de datos e contornos de desenvolvemento cliente/servidor, dentro das tarefas de formación que ten encomendada a EGAP. Os/as destinatarios/as desta bolsa recibirán formación tutoriada e colaborarán na aplicación formativa das novas tecnoloxías aos empregados públicos. As liñas de especialización tratarán sobre materias tales como:

-Desenvolvemento de test de aplicacións: validación e execución de probas funcionais de produtos desenvolvidos para a organización.

-Elaboración de recursos educativos e-learning.

-Administración de sistemas informáticos do contorno da formación.

-Integración de ferramentas colaborativas 2.0 no contorno da formación.

As bolsas reguladas nesta resolución concederanse en réxime de concorrencia competitiva e baixo os principios de publicidade, obxectividade, transparencia, igualdade, non-discriminación, eficacia e eficiencia.

*Segunda.-Duración, importe e financiamento da bolsa.*

As actividades de formación iniciaranse o 1 de febreiro de 2011 e rematarán o 31 de decembro de 2011.

O importe da bolsa será de 1.100 € brutos mensuais que se farán efectivos, tras a certificación da EGAP do bo aproveitamento da bolsa, polo importe líquido tras realizar a retención fiscal que lle corresponda, na conta bancaria que sinale a persoa beneficiaria da bolsa, o que supón un importe total íntegro de 12.100 € con cargo á partida orzamentaria 05.80.122-B.480.0 do orzamento de gastos da EGAP para o exercicio 2011. Os meses serán considerados en todos os casos de 30 días. A contía percibida estará en función do número de días transcorridos desde a incorporación á bolsa.

O financiamento estará condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente na aplicación orzamentaria 05.80.122B.480.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011, cuxo proxecto foi aprobado no Consello da Xunta do 19 de outubro de 2010. O expediente económico tramítase de acordo co previsto na Orde do 11 de febreiro de 1998 que regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto.

Durante o tempo de duración da bolsa a persoa bolseira será beneficiaria dun seguro de asistencia médica e un seguro de accidentes que, do mesmo xeito que os custos da súa formación, se aboará con cargo a esta aplicación orzamentaria.

*Terceira.-Requisitos dos solicitantes.*

Poderán solicitar estas bolsas todas aquelas persoas en que non concorra ningunha das circunstancias especificadas no artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e sempre que reúnan o seguinte requisitos no momento de rematar o prazo de presentación de solicitudes:

-Acreditar ter rematados os estudos académicos con posterioridade a xaneiro do ano 2002 e acreditada algunha titulación en FP de ciclo superior ou FP II, en calquera especialidade relacionada coa informática (informática de sistemas, desenvolvemento de aplicacións informáticas, administración de sistemas informáticos, desenvolvemento de produtos electrónicos e informática de xestión).

*Cuarta.-Solicitudes e documentación.*

As solicitudes formalizaranse no modelo que se achega como anexo I a esta convocatoria e deberán ir acompañadas da seguinte documentación en orixinal ou fotocopia debidamente compulsada por un notario ou por un funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

1. Título correspondente, ou en defecto deste último, xustificación do pagamento dos dereitos de expedición.

2. Certificación académica en que se detallen as cualificacións obtidas nas distintas disciplinas. Para facilitar a valoración do expediente académico, débese incluír na certificación a nota media obtida.

3. Currículo do/da solicitante (consonte co modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo IV), con exposición dos méritos académicos e formativos, así como relación dos traballos e publicacións sobre temas relacionados co obxecto da bolsa, debidamente acreditados.

4. Documentos que acrediten a formación en materias relacionadas co obxecto da bolsa alegados polo interesado no seu currículo.

5. Declaración xurada ou responsable de non reunir ningunha das circunstancias especificadas no artigo 10º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, consonte co modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo II.

6. Declaración xurada ou responsable de non ter emprego remunerado nin gozar doutra bolsa ou axuda, calquera que fose esta, ou, no caso de ter emprego remunerado ou gozar doutra bolsa, un compromiso expreso de renunciar a estes con anterioridade ao momento de incorporación a esta escola.

7. Declaración xurada ou responsable das axudas solicitadas ou concedidas polas administracións públicas para o mesmo fin, consonte o modelo que se inclúe nesta convocatoria como anexo III.

Ao abeiro do establecido nos artigos 2º e 3º do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos, a presentación da solicitude polo interesado implicará a autorización á EGAP para comprobar os datos de carácter persoal, que figuren no documento DNI/NIE da persoa que teña a condición de interesada, por medio do acceso telemático ao servizo horizontal de acceso ao sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Administracións Públicas. Non obstante, o/a solicitante poderá denegar expresamente o consentimento; daquela, deberá entregar a fotocopia compulsada do documento de identidade correspondente (DNI/NIE).

A presentación das solicitudes comportará a autorización do/da solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa a acreditación do

cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos, polo que queda liberado/a de achegar a correspondente certificación. Estes requisitos deberán acreditarse, de ser o caso, antes de efectuar a proposta de resolución, así como da tramitación do pagamento, ao abeiro do disposto no artigo 11º e) e 31º.7 d) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, os/as solicitantes poderán denegar expresamente o consentimento. Neste suposto deberán presentar estas certificacións no termos previstos regulamentariamente.

*Quinta.-Lugar e prazo de presentación.*

As solicitudes e a documentación que se sinala na base cuarta presentárase no rexistro xeral deste organismo, situado na rúa de Madrid, 2-4, 15707 Santiago de Compostela, ou en calquera dos lugares referidos no artigo 38º.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de presentar a solicitude nun rexistro que non sexa o da EGAP ou de remitila por correo, o/a interesado/a deberá comunicar á EGAP esta circunstancia, no mesmo día, a través de fax (ao número 981 54 63 37) ou telegrama.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación no *Diario Oficial de Galicia* desta convocatoria.

*Sexta.-Composición da comisión de avaliación.*

A selección e avaliación das solicitudes levarase a cabo por unha comisión que estará integrada polos seguintes membros:

Presidente: o secretario xeral da EGAP.

Vogais: tres persoas designadas polo director da EGAP, unha das cales, polo menos, deberá ser experta en teleformación.

Secretario/a: nomeado/a polo director da EGAP entre funcionarios/as da EGAP que actuará con voz e voto.

A composición da comisión de avaliación farase pública no portal web da EGAP <http://egap.xunta.es> e no seu taboleiro de anuncios.

A comisión está clasificada na categoría superior para os efectos previstos no artigo 26º do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

*Sétima.-Criterios de avaliación.*

A avaliación dos méritos acreditados levarase a cabo conforme o seguinte baremo:

1) Expediente académico: ata un máximo de 20 puntos. Utilízase para a valoración desta epígrafe a nota media simple do expediente académico. Forma de acreditación: certificación académica na que

se detallan as cualificacións obtidas nas distintas disciplinas e na que se deberá incluír a nota media simple obtida.

2) Formación complementaria: ata un máximo de 12 puntos. Cursos relacionados co obxecto das bolsas organizados por organismos públicos, universidades, asociacións profesionais e outros organismos e entidades:

a) Cursos de duración igual ou superior a 250 horas: 1 punto por curso, ata un máximo de 4 puntos.

b) Cursos de duración igual ou superior a 100 horas: 0,75 puntos por curso, ata un máximo de 3 puntos.

c) Cursos de duración igual ou superior a 40 horas: 0,50 puntos por curso, ata un máximo de 3 puntos.

d) Cursos de duración inferior a 40 horas: 0,25 puntos por curso, ata o máximo de 2 punto.

Non se valorarán os cursos de menos de 10 horas lectivas nin aqueles que non acrediten as horas lectivas. Forma de acreditación: fotocopia dos títulos ou certificados de participación nas actividades formativas.

3) Presentación de comunicacións en congresos relacionados co obxecto da bolsa: 0,25 puntos por comunicación, ata un máximo de 3 puntos. Forma de acreditación: fotocopia dos certificados de participación activa nos referidos congresos.

4) Traballos individuais publicados e participación en publicacións colectivas relacionadas co obxecto da bolsa: 0,50 puntos por publicación, ata un máximo de 3 puntos. O mesmo mérito valorase unha soa vez, ben como comunicación, ben como publicación. Forma de acreditación: fotocopia das referidas publicacións.

5) Coñecemento da lingua galega: ata un máximo de 2 puntos. Polo grao de iniciación ou equivalente: 1 punto. Polo grao de perfeccionamento ou equivalente: 2 puntos. Forma de acreditación: fotocopia compulsada da acreditación do curso de iniciación ou perfeccionamento ou equivalente en lingua galega.

6) Coñecemento da lingua inglesa ou francesa: ata un máximo de 2 puntos. Forma de acreditación: mediante o correspondente certificado oficial expedido pola Escola Oficial de Idiomas, Instituto Británico ou institución ou centros recoñecidos oficialmente.

7) Outros méritos: ata un máximo de 8 puntos.

-Coñecementos en PHP, HTML, SQL, Ajax, follas de estilos (CSS), estándares W3C, JavaScript, Flash, coñecementos de linguaxes dinámicas, de aplicacións 2.0; experiencia en probas e avaliación de utilidade de aplicacións. Así mesmo, valoraranse os coñecementos de sistemas CMS e plataformas e-learning.

Forma de acreditación: mediante títulos, certificados e calquera outra documentación que acredite os méritos alegados. Para a valoración dos cursos de formación aplicarase a escala establecida no punto 2 desta base.

A comisión non valorará aqueles méritos dos candidatos que non estean acreditados documentalmen- te.

A comisión realizará unha entrevista cos/coas aspirantes con maior puntuación. Á vista da valoración dos méritos dos/das candidatos/as, a comisión determinará a puntuación mínima para acceder á entrevista. Esta versará sobre os seus méritos curriculares co fin de valorar os coñecementos, aptitudes e actitudes persoais dos/das aspirantes para as funcións que van desempeñar. Terá unha duración máxima de quince minutos. A puntuación máxima pola entrevista será de 10 puntos, sendo necesario para poder acceder á bolsa convocada acadar unha puntuación mínima de 3 puntos nesta.

Oitava.-Selección e avaliación das solicitudes.

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Servizo de Estudos e Publicacións da EGAP revisará as solicitudes recibidas e a documentación achegada. No caso de estar incompleta, conter erros ou non achegar toda a documentación requirida, poderá reclamar aos/ás solicitantes que emenden os defectos administrativos apreciados na documentación esixida, de acordo do artigo 71º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e outorgará un prazo de 10 días hábiles desde a notificación de requirimento.

Rematado o prazo de emenda, a comisión de avaliación avaliará os méritos consonte o establecido na base sétima e confeccionará a listaxe provisional de posibles bolseiros/as, ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación. O prazo de exposición, consultas e reclamacións será de tres días hábiles. Esta listaxe farase pública no portal web da EGAP <http://egap.xunta.es> e no seu taboleiro de anuncios, xunto, se é o caso, coa puntuación mínima para acceder á entrevista.

Resoltas as reclamacións e realizadas as entrevistas a comisión fará pública nos mesmos lugares a lista definitiva de posibles bolseiros/as, ordenada de maior a menor, segundo a súa puntuación.

A comisión elevará ao director da EGAP unha proposta de concesión para a designación dos/das titulares das bolsas.

Cos/coas restantes admitidos/as valorados/as cun mínimo de 3 puntos na fase de entrevista elaboraranse unha lista de suplentes, por orde decrecente de puntuación. Esta listaxe será operativa no caso de que o/a bolseiro/a seleccionado/a non se incorpore na data establecida, cando manifestase expresamente a súa non aceptación da bolsa ou renunciase

a esta unha vez aceptada, así como cando se procedese á súa revogación.

De non presentarse solicitudes, ou de non acadar as rexistradas a puntuación mínima exixida na fase de valoración dos méritos ou na fase de entrevista, a convocatoria será declarada deserta mediante resolución do director da EGAP que se publicará no *Diario Oficial de Galicia*.

Prescínlese do trámite de audiencia, segundo o artigo 84°.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ao non figurar no procedemento nin ser considerados na resolución outros feitos e outras alegacións e probas máis que as aducidas polos interesados.

*Novena.-Resolución, notificación e publicidade.*

Elevada pola comisión de avaliación a proposta de concesión, esta convocatoria resolveraa o director da EGAP. Contra esta resolución poderá interpoñerse, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o director da EGAP no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da resolución nos termos dos artigos 116° e 117° da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da publicación da resolución de conformidade co establecido no artigo 46°.4 da Lei 29/1998, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A notificación da resolución aos titulares das bolsas farase segundo o disposto no artigo 59°.1 da Lei 30/1992; así mesmo, darase a oportuna publicidade no DOG.

De conformidade co artigo 13°.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, a EGAP publicará na súa páxina web oficial o nome dos/das beneficiarios/as das bolsas e o importe da axuda concedida, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos/das beneficiarios/as e da súa publicación nesta páxina web.

Tamén se incluírán nos rexistros de axudas, subvencións, convenios e de sancións, segundo establece o Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44° e 45° da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, os datos relevantes referidos á axuda e subvención recibida, así como as sancións impostas, segundo a autorización dos/das solicitantes que figure na convocatoria correspondente.

*Décima.-Aceptación da bolsa e incorporación do bolseiro/a.*

Unha vez recibida a notificación da concesión da bolsa polo/a beneficiario/a, este/a disporá dun prazo de dez días para comunicar á EGAP a súa acepta-

ción ou renuncia á bolsa. Transcorrido este prazo sen que se producise manifestación expresa polo beneficiario/a, entenderase tacitamente aceptada, segundo o establecido no artigo 21°.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

No prazo de cinco días contados desde a aceptación expresa da bolsa ou do transcurso do prazo para entendela tacitamente aceptada, o candidato/a seleccionado/a deberá incorporarse ao desempeño da bolsa na EGAP. O/a bolseiro/a que non se incorporase neste prazo, ou que renunciase expresamente, perderá os dereitos inherentes á bolsa. Nestes supostos o director da EGAP procederá, mediante resolución, á concesión da bolsa ao/á primeiro/a candidato/a que figure na listaxe que para tal efecto elaborara a comisión de avaliación, conforme a base oitava.

*Décimo primeira.-Obrigas do/da bolseiro/a.*

Os/as bolseiros/as seleccionados/as comprometeranse a:

a) Desempeñar as actividades de formación e de colaboración na xestión das actividades formativas da escola, de luns a venres, en horario de mañá e/ou tarde, de acordo coa distribución que realice a EGAP.

b) Cumprir co programa de formación establecido polo director da EGAP, baixo o asesoramento, orientación e dirección dos/das funcionarios/as que se designen para tales efectos, e asistir ás actividades formativas que a escola estime convenientes. Os gastos ocasionados con motivo destas actividades serán pagados pola escola con cargo á aplicación orzamentaria 05.80.122B.480.0 na que se habilitará previamente o crédito para este fin, logo de que o/a secretario/a da escola certifique os gastos producidos. Os gastos de desprazamento, aloxamento e manutención non poderán superar a contía establecida para o grupo II do Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre as indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

c) Colaborar nas accións formativas da EGAP, de xulgase oportuno.

d) Presentar os informes, formularios e demais documentos que lle esixa a EGAP con motivo da xestión do programa de formación e, ao finalizar a bolsa, informe de todas as actividades desenvolvidas durante o tempo de goce da bolsa, así como da formación recibida.

e) Facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control interno.

f) Reintegrar as cantidades percibidas no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a concesión da bolsa.

g) Presentar antes do derradeiro pagamento declaración complementaria do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das administracións públicas competentes ou outros entes públicos.

*Décimo segunda.-Natureza xurídica do vínculo.*

A concesión e posterior aceptación da bolsa non supón ningún tipo de vinculación laboral ou funcional entre o/a bolseiro/a e a EGAP, nin supón ningún compromiso de incorporación posterior do/da bolseiro/a no seu cadro de persoal.

Para a utilización do material e a información obtidos como resultado das actividades desenvolvidas durante a bolsa, o/a bolseiro/a deberá contar coa autorización expresa do director da EGAP, e deberá facer constar neste caso que a información foi obtida durante o desenvolvemento da bolsa concedida pola EGAP.

*Décimo terceira.-Renuncia, revogación e reintegro de cantidades.*

A renuncia á bolsa por parte do/da titular, unha vez iniciado o período de aproveitamento, deberá comunicarse cun mínimo de quince días naturais de antelación en escrito dirixido ao director da EGAP, quen poderá, polo período que reste, concederlla ao/á candidato/a que corresponda segundo a listaxe que para tal efecto fose elaborada pola comisión de avaliación. A renuncia dará lugar á devolución das cantidades percibidas, se procede, e determinará a perda dos dereitos económicos da parte da bolsa non gozada.

A renuncia inhabilitará o/a titular para os efectos de presentación en vindeiras convocatorias da mesma categoría.

O director da EGAP poderá revogar a bolsa se o/a bolseiro/a non realiza ou incumpre as tarefas ou o programa de formación que lle asignen, ou se estes non reúnen os requisitos de calidade exixibles. Neste suposto, como no caso da renuncia, o director da EGAP poderá, polo período que reste, concederlle a bolsa ao/á candidato/a que corresponda segundo a listaxe que para tal efecto fose elaborada pola comisión de avaliación.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de demora nos casos establecidos no artigo 33º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

*Décimo cuarta.-Réxime xurídico e impugnabilidade.*

Para o non regulado expresamente nestas bases observarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa aplicable.

Esta convocatoria, as súas bases e cantos actos administrativos deriven dela, poderán ser impugna-

dos polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

*Décimo quinta.-Duración de procedemento.*

Segundo o establecido no artigo 23º.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder os dous meses, contados a partir da publicación desta convocatoria.

As solicitudes entenderanse desestimadas de non ditalarse resolución expresa no prazo sinalado no parágrafo anterior.

*Décimo sexta.-Notificacións e requirimentos.*

De conformidade co disposto no artigo 59º.6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, calquera notificación ou requirimento aos/ás interesados/as farase a través do taboleiro de anuncios e da páxina web da EGAP (egap.xunta.es). Esta forma de notificación exceptúase cando se proceda á notificación da resolución de concesión ao/á beneficiario/a, que se practicará segundo o disposto no artigo 59º.1 da Lei 30/1992.

*Décimo sétima.-Incompatibilidades.*

A bolsa regulada nesta convocatoria será incompatible co goce doutra bolsa de similares características financiada con fondos públicos e coa percepción de calquera retribución de carácter laboral e da prestación por desemprego. Permitiranse, non obstante, as percepcións esporádicas por tarefas docentes (cursos, conferencias ou relatorios) ou investigadoras (libros, artigos, premios).

*Décimo oitava.-Cláusula xeral.*

A participación nesta convocatoria implica o coñecemento e aceptación destas bases.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da bolsa e, en todo caso, o incumprimento do réxime de incompatibilidades pola obtención concorrente doutras bolsas, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-O director da EGAP poderá ditalar as disposicións necesarias para a aclaración ou interpretación destas bases.

Segunda.-Esta resolución entrará vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2010.

Pablo Figueroa Dorrego  
Director da Escola Galega  
de Administración Pública



**XUNTA DE GALICIA**  
 CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
 ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E  
 XUSTIZA  
 Escola Galega de Administración Pública

*ANEXO I*

PROCEDEMENTO <b>BOLSA DE FORMACIÓN EN COMPETENCIAS TÉCNICAS VINCULADAS A SISTEMAS DE XESTIÓN DA TELEFORMACIÓN</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>PR770E</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
--	---	--------------------------------

**DATOS DO/A SOLICITANTE**

APELIDOS <input type="text"/>		NOME <input type="text"/>		DNI <input type="text"/>
ENDEREZO <input type="text"/>			PROVINCIA <input type="text"/>	
LOCALIDADE <input type="text"/>	CÓDIGO POSTAL <input type="text"/>	TELÉFONO <input type="text"/>	FAX <input type="text"/>	

**DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA**

<input type="checkbox"/> CERTIFICACIÓN ACADÉMICA
<input type="checkbox"/> CURRÍCULO (anexo IV desta convocatoria) XUNTO COS DOCUMENTOS QUE O AVALEN
<input type="checkbox"/> TÍTULO OU XUSTIFICACIÓN DO PAGAMENTO DOS DEREITOS DE EXPEDICIÓN
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA OU RESPONSABLE (artigo 10º.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño)
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN XURADA DE NON TER EMPREGO REMUNERADO NIN GOZAR DOUTRA BOLSA
<input type="checkbox"/> DECLARACIÓN DO CONXUNTO DE TODAS AS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE ANTE A ADMINISTRACIÓN PÚBLICA COMPETENTE OU NOUTROS ENTES PÚBLICOS

**MEDIO E LUGAR DE NOTIFICACIÓN**

MEDIO PREFERENTE DE NOTIFICACIÓN (ESCRITO, FAX, CORREO ELECTRÓNICO...) <input type="text"/>
LUGAR ONDE DESEXA RECIBIR A NOTIFICACIÓN <input type="text"/>

Atendendo ao disposto no artigo 5º da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase ao/á asinante deste formulario que os datos persoais facilitados para a participación no proceso de selección de bolseiros/as na EGAP, serán incorporados a un ficheiro mixto denominado Persoal externo, inscrito debidamente no Rexistro Xeral da Axencia Española de Protección de Datos, do cal é titular a EGAP. A finalidade deste é a xestión do persoal externo da entidade, así como o cumprimento das obrigas legais asociadas. O/a asinante poderá exercer gratuitamente os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose a EGAP, polígono das Fontiñas, rúa de Madrid 2-4, código postal 15707, Santiago de Compostela, A Coruña, España, indicando na comunicación Atención dereitos LOPD, xuntando fotocopia do DNI e describindo o proceso de selección no cal participou. Tamén poderá exercer os ditos dereitos presencialmente na sede da EGAP.

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Resolución do 13 de decembro de 2010 pola que se convoca unha bolsa de formación en competencias técnicas vinculadas a sistemas de xestión da teleformación.</i>	(Para cubrir pola Administración) RECIBIDO <input type="text"/>  REVISADO E CONFORME <input type="text"/>	NÚMERO DE EXPEDIENTE <input type="text"/>
SINATURA DO/A SOLICITANTE  _____, de _____ de _____		DATA DE ENTRADA ____/____/____  DATA DE EFECTOS ____/____/____  DATA DE SAÍDA ____/____/____

## ANEXO II

## MODELO DE DECLARACIÓN DE NON ESTAR INCURSO NAS CIRCUNSTANCIAS DO ARTIGO 10º

Don/dona  con DNI/NIF

solicitante dunha axuda en nome propio ou en representación de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que:

non está incurso en ningunha das circunstancias previstas no punto 2 do artigo 10º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E para que así conste asino, esta declaración responsable en:

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

## ANEXO III

## DECLARACIÓN DAS SOLICITUDES EFECTUADAS OU CONCEDIDAS PARA O MESMO PROXECTO OU ACTIVIDADE

Don/dona  con DNI/NIF

solicitante dunha axuda en nome propio ou en representación de

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que:

nas datas que a seguir se relacionan, presentou unha/s solicitude/s e que lle foi/foron concedida/s, de ser o caso, a/s seguinte/s axuda/s para o mesmo fin:

DENOMINACIÓN DO ORGANISMO, SOCIEDADE OU ENTIDADE PÚBLICA Á CAL LLE FOI SOLICITADA A AXUDA	DATA DE		IMPORTE	PERÍODO
	SOLICITUDE	CONCESIÓN <sup>(1)</sup>		
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

<sup>(1)</sup> No caso de estar pendente a resolución dalgunha solicitude, indícase PENDENTE nesta columna. No suposto de solicitudes denegadas farase constar como DENEGADA.

Non solicitou nin, en consecuencia, lle foi concedida ningunha axuda para o mesmo fin das distintas administracións públicas competentes.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(Sinatura)

ANEXO IV

**CURRÍCULO DO/A SOLICITANTE**

<b>1. DATOS PERSOAIS DO/A SOLICITANTE</b>				
NOME E APELIDOS				NIF/NIE
[ ]				[ ]
DATA DE NACEMENTO	LOCALIDADE DE NACEMENTO	PROVINCIA DE NACEMENTO	NACIONALIDADE	
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	
ENDEREZO (para os efectos de notificacións)		LOCALIDADE	PROVINCIA	
[ ]		[ ]	[ ]	
CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	

<b>2. DATOS ACADÉMICOS (base 7ª.1)</b>				
Titulación e especialidade	Centro de expedición	Data de inicio	Data de remate	Nota media
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

<b>3. CURSOS RELACIONADOS CO OBXECTO DA BOLSA (base 7ª.2)</b>		
Denominación do curso	Centro de expedición	Horas lectivas
[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]

<b>4. PARTICIPACIÓN ACTIVA EN CONGRESOS, SEMINARIOS, ETC. (base 7ª.3)</b>				
Denominación evento	Congreso e ano		Entidade organizadora	Denominación da comunicación
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]

<b>5. TRABALLOS PUBLICADOS (individuais ou colectivos) RELACIONADOS COA CONVOCATORIA (base 7ª.4)</b>					
Autor	Titulo	Revista	Ano	Volume	Páxinas
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]
[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]	[ ]



6. COÑECEMENTO DA LINGUA GALEGA (base 7º.5)

7. COÑECEMENTO DA LINGUA INGLESA OU FRANCESA (base 7º.6)					
Denominación da acreditación	Centro de expedición	Horas lectivas	LE	FALA	ESCRIBE
			<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

8. OUTROS MÉRITOS (base 7º.7)		
A) COÑECEMENTOS EN PHP, HTML, SQL, AJAX, FOLLAS DE ESTILOS (CSS), ESTÁNDARES W3C, JAVASCRIPT, FLASH, COÑECEMENTOS DE LINGUAXES DINÁMICAS, DE APLICACIÓNS 2.0, EXPERIENCIA EN PROBAS E AVALLACIÓN DE APLICACIÓNS. COÑECEMENTOS DE SISTEMA CMS E PLATAFORMAS E-LEARNING		
Denominación do curso	Centro de expedición	Horas lectivas
B) OUTROS MÉRITOS RELACIONADOS CO OBXECTO DA BOLSA		

## IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS

### CONSELLERÍA DE FACENDA

*Orde do 13 de decembro de 2010 pola que se modifica a Orde do 4 de maio de 2010 pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia.*

Na Orde do 4 de maio de 2010 (DOG nº 85, do 6 de maio), pola que se convoca o concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia figura no anexo I desta, co número 648, o posto co código ED.C99.40.301.15170.006 (páx. 7.956 do DOG).

O posto atopábase vacante a causa da xubilación do seu titular por resolución da Dirección Provincial do Instituto Nacional da Seguridade Social da Coruña do 19 de novembro de 2009.

Por sentenza do Xulgado do Social número cinco da Coruña ditada en autos do xuízo número 223/2010, que é firme, revogouse a dita resolución.

Reposto o titular na situación de activo no posto que ocupaba con carácter definitivo ao tempo da resolución, cómpre:

Eliminar do anexo I da Orde do 4 de maio de 2010 o posto número 648:

648	ED.C99.40.301.15170.006	10	6375.20	E	XERAL	AXG	SUBALTERNO/A	ED	SERVIZOS PERIFÉRICOS	IES DAVID BUJÁN (CAMBRE)	15170		HORARIO ESPECIAL	2.000
-----	-------------------------	----	---------	---	-------	-----	--------------	----	----------------------	--------------------------	-------	--	------------------	-------

Santiago de Compostela, 13 de decembro de 2010.

Marta Fernández Currás  
Conselleira de Facenda